

SANDRA INSUA RIAL
ALCALDESA DO CONCELLO DE CAMARIÑAS

A Coruña, 8 de novembro de 2019

Estimada Alcaldesa:

Comunicámoslle que nesta Campaña de Inverno 2020 ao Concello de **CAMARIÑAS** correspóndenlle **4** prazas na **1ª quenda** a cal transcorre dende os días **24/01/2020 ao 27/01/2020**.

A estancia e manutención será en aloxamentos situados na estación **invernal de Cabeza de Manzaneda**.

Estes son os prazos que debe seguir durante esta campaña 2020:

- Entre os **días 12 de novembro e 4 de decembro** será o prazo para facer as **inscricións** dos rapaces/as.
- Dende o **día 5 de decembro ata o día 16 de decembro** farase o sorteo das prazas, terán prioridade os nenos/as que nunca asistiron a campañas de inverno. Recórdolle que é imprescindible, no suposto de ter máis solicitudes que números de prazas concedidas pola Deputación, realizar un sorteo público diante do secretario/a do concello para adxudicar estas.
- **O día 20 de decembro ás 14:00h rematará o prazo para enviar á Deputación os datos** dos nenos/as admitidos/as na campaña de inverno, **a través do SIR** e xuntarase a certificación do resultado do sorteo efectuado, así como **a relación de nenos/as que quedaron na reserva**.
- As idades da rapazada participante serán de 11 a 15 anos inclusive (cumpridos a 31 de decembro de 2020), e aboarán 85€ (oitenta e cinco euros) como cota de participación; para o que lles enviaremos o número de conta onde facer o ingreso, nel constará **“CAMPAÑA DE INVERNO 2020 – DEPUTACIÓN DA CORUÑA”, CONCELLO e NOME** do neno/a.
- O transporte dende a comarca, tanto de ida como de volta está incluído na oferta; os puntos da comarca onde se efectuará a recollida notificarase con suficiente anticipación.

- Para calquera dúbida ou aclaración que precise, póñase en contacto co Gabinete de Deportes desta deputación, teléfono nº **981 08 06 34**; de todo os xeitos, toda información que se vaia engadindo á actividade incorporarase na páxina web de deportes www.dacoruna.gal/deportes/actividades.

OS CARTEIS E OS TRÍPTICOS DA CAMPAÑA ESTARÁN O LUNS 11 NO SEU CONCELLO

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo.

Cristina Capelán Cancelo
Deputada de Deportes e Mocidade